



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100.1

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº5/2017, EXTRAORDINARIA, REALIZADA O 20 DE XUÑO DE 2017.

### ASISTENTES

#### Presidente

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

#### Concelleiros/as

##### Grupo municipal do PP

DUARTE GERPE, Florinda  
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel  
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso  
RAMILO VARELA, Margarita  
BARBEITO REY, Carlos  
REGUEIRA MOAR, Rubén

##### Grupo municipal do PSdeG-PSOE

COUTO LÓPEZ, Pablo  
CETINA MOCHALES, Jesús Javier  
BLANCO FIDALGO, Patricia  
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria  
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

##### Grupo municipal mixto

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

#### Secretario do Concello

Diego García Doval

#### NON ASISTE

#### Interventora do Concello

Noemí González Mato

**HORA DE INICIO:** 13:05

**HORA DE REMATE:** 13:24

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 13:05 horas do 20 de xuño de 2017, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto do 15 de xuño de 2017, e logo de ver a necesidade de adoptar os acordos que se propoñen á maior brevidade posible, con anterioridade á data prevista para a seguinte sesión ordinaria do Pleno, reúnense na sesión 5/2017, de carácter extraordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

### ORDE DO DÍA

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior (sesión 4/2017, ordinaria, do 25 de maio de 2017)
- 2.-Proposta de solicitude á Xunta de Galicia de inicio dos trámites para a constitución da área metropolitana da Coruña.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (SESIÓN 4/2017, ORDINARIA, DO 25 DE MAIO DE 2017)

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 4/2017, ordinaria, do 25 de maio de 2017 .

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .

## 2.- PROPOSTA DE SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE INICIO DOS TRÁMITES PARA A CONSTITUCIÓN DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA.

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 12 de xuño de 2017, como segue:

#### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO**

**Asunto:** *Proposta de solicitude á Xunta de Galicia de inicio dos trámites para a constitución da área metropolitana da Coruña.*

As áreas metropolitanas son entidades locais integradas polos municipios onde existan grandes aglomeracións urbanas e cando entre os seus núcleos de poboación haxa vinculacións económicas e sociais que fagan precisa a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras. Entre os concellos de Abegondo, A Coruña, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada existen eses vínculos económicos e sociais para a planificación e coordinación conxuntas. Estes vínculos tamén poderían ser compartidos por outros concellos limítrofes aos indicados.

Os plenos dos Concellos de Bergondo (24.11.2016), Betanzos (29.11.2016), Cambre (30.11.2016), Culleredo (24.11.2016), Oleiros (24.11.2016) e Sada (24.11.2016), aprobaron por maioría absoluta o inicio dos trámites para a constitución da Área Metropolitana da Coruña.

Tendo en conta que a creación da área metropolitana é unha vella aspiración do Consorcio As Mariñas, manifestada en repetidas ocasións, cómpre neste intre darlle un novo pulo.

Dacordo co establecido no artigo 121 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia por lei do Parlamento de Galicia poderanse crear, modificar ou suprimir áreas metropolitanas.

O artigo 122.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia recolle que a iniciativa para a creación da área metropolitana poderá partir dos municipios interesados, e, neste caso, requirirase acordo adaptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada Corporación.

Á vista dos antecedentes indicados e do establecido ao efecto no texto vixente das Leis 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, previos os preceptivos informes e o ditame da comisión informativa correspondente, **PROPOÑO ao Pleno do Concello de Carral que adopte os seguintes ACORDOS:**

1.- Solicitar á Xunta de Galicia o inicio dos trámites para a creación da área metropolitana de conformidade co artigo 122.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia e de conformidade co artigo 43 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

2.- Dar traslado do presente acordo aos Plenos dos Concellos indicados na parte expositiva destes acordos e á Xunta de Galicia para os efectos oportunos."







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

No expediente consta o preceptivo informe da Secretaría do Concello, nº 6/2017, do 12 de xuño.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno emitiu, na súa sesión extraordinaria do 15 de xuño de 2017, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por oito votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto.

### DEBATE

O señor Alcalde explica que xa se leva falado moitos meses da área metropolitana, e opina que o Concello de Carral e outros estiveron valorando coma positivo que se constituíse unha área metropolitana nesta zona, cos concellos integrados no Consorcio das Mariñas, ademais do da Coruña, mais esperaban a que o Concello da Coruña tomase a decisión correspondente. Engade que algúns deles xa levaron o asunto ao Pleno e aprobárono por maioría ou unanimidade, mais que o Concello da Coruña segue sen aprobalo, e semella que hai poucos visos de crear unha área metropolitana sen a cidade. Considera que no tema se misturaron cuestións legais e políticas, e indica que non quere que se poida dicir que o Concello de Carral é culpable de que non haxa unha área metropolitana no entorno da Coruña. Explica que a proposta é facer un chamamento á Xunta de Galicia para que inicie os trámites para a constitución da devandita Área Metropolitana da Coruña, cos concellos integrados no Consorcio das Mariñas inicialmente, aos que se poderían unir outros máis adiante. Engade que espera que o Concello da Coruña tamén se decida no seu Pleno, e que tamén espera que a Xunta poida convencelos.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) agradece que aparezan no Concello finalmente as palabras "área metropolitana", mais lamenta que non houbo unha rolda informativa nin palabras do Alcalde sobre os eventuais beneficios que podería reportar a Carral tal área. Manifesta que o seu grupo coida que está moi ben, mais tamén opina que o proceso se pode levar de moitas maneiras. Reitera a súa crenza de que estaría moi ben que o señor Alcalde informase sobre as reunións ás que asistiu na materia e sobre as conclusións ás que nelas se chegou, pois só están informados pola prensa, e opina que sería mellor que esa información lles chegase en primeira persoa e non a través de terceiros.

O señor Couto López (grupo municipal do PsdeG-PSOE) manifesta que o seu grupo está a favor da proposta, pois a materia lle parece dunha importancia trascendental. Coida que cómpre darlle un novo pulo á área metropolitana, e opina que é unha mágoa que en outubro de 2016 Diego Calvo fixese "cousas estrañas" ao respecto, pois o normal tería sido que todos os concellos o aprobasen ao completo para que A Coruña tamén entrase (aínda que recoñece que neste último concello tamén hai "cousas especiais" ao respecto). Engade que o seu grupo está contento pola proposta, mais opina que Carral tamén debería sumarse á Declaración de María Pita, o que sería máis ambicioso. Así, resalta algúns dos parágrafos da devandita declaración, nos que se indica que "(...) Temos, pois, unha estratexia compartida e un obxectivo común: poñer o foco na xestión democrática das interdependencias na construción da área metropolitana, xestión cimentada no liderado representativo e participativo, na diplomacia urbana, no acompañamento dunha cidadanía activa e comprometida, na cooperación na colaboración entre actores e axentes sociais e na cohesión arredor dun proxecto de futuro". Así, opina que os Concellos asinantes da declaración son os progresistas, agás Arteixo, Abegondo e Carral. Por outra banda, destaca algúns dos obxectivos e liñas de actuación que en tal declaración se marcan á área metropolitana, coma a "ordenación e xestión urbanística coordinada e especializada na procura dun equilibrio territorial das actividades urbanas: usos residenciais e produtivos, dotacións e espazos libres e zonas verdes. Desenvolver, por tanto, estratexias de complementariedade e de descentralización da ocupación do territorio. (...) Coordinar a planificación urbanística e das infraestruturas de todos os municipios que conforman a área metropolitana da Coruña. (...) garantir a prestación de servizos públicos de calidade, accesibles e equitativos. (...) Potenciar a participación cidadá e conformar un proceso de transformación das





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)


nas administracións públicas en administracións de proximidade.". Coida que todos os indicados serían elementos que dan máis forza á área metropolitana, e reitera a felicidade do seu grupo por que Carral non quede fóra, pedindo, asemade, ao equipo de goberno municipal, que se comprometa a poñer os intereses de Carral por enriba dos dos partidos, para que non pase o mesmo que o 20 de outubro de 2016, cando houbo chamadas externas.

O señor Alcalde indica ao señor Couto que non dubide que os intereses de Carral sempre estarán por enriba, mais engade que, na súa opinión, Carral debe ser nobre, para facer honra ao seu título de moi leal e excelentísimo, e non ser desleais para que tampouco o sexan con el. Opina que a Declaración de María Pita é unha "trampa", pois só se queda en tal declaración, cando se debería instar á Xunta de Galicia coma na proposta que agora se trata. Engade que non se pode chegar a María Pita para falar do transporte metropolitano e dos fondos EDUS, e que logo poñan un papel para asinar sen saber que era. Indica que lle parece ben, mais que hai que facelo ben, e lembra que o concello que debería ser impulsor do proceso, aínda non o ten aprobado. Ademais, opina que os que asinaron a Declaración de María Pita terán que volver levar ao Pleno o asunto, instando á Xunta de Galicia, e non ao Concello da Coruña. Por outra banda opina que é equívoco considerar que o Consorcio das Mariñas se debería disolver coa creación da área metropolitana, pois tal área metropolitana non vai funcionar a curto prazo e, por outra banda, cre que estaba ben encamiñado converter o consorcio nunha mancomunidade, e ao mesmo tempo crear a área metropolitana que, na súa opinión, non ten nada que ver (pois, por exemplo, o Concello da Coruña se atopará cos seus servizos de recollida de lixo ou da xardinaría, que seguramente non vai anular, pola penalización que conllevaría por parte das empresas correspondentes; o mesmo lle ocorre ao Consorcio das Mariñas, por exemplo, co servizo de lacería). Opina que se debe estar de acordo, por exemplo, en materia de urbanismo pola continuidade dos concellos, ter participación directa nos orzamentos da Comunidade Autónoma, ou outras atribucións que agora corresponden á Xunta, mais lembra que a tramitación da eventual lei levará o seu tempo. Coida que hai que ser máis serios coas decisións, e que é un erro non ter seguido tramitando a constitución da mancomunidade de municipios de xeito paralelo á área metropolitana. Tamén opina que a área se podería ampliar pois, por exemplo, Arteixo di que deberían entrar tamén A Laracha e Carballo, pola continuidade dos seus polígonos industriais, e hai quen tamén aposta por integrar a Miño, ou incluso a Ferrol. Lembra que, en calquera caso, haberá que ver se Coruña adopta unha decisión, pois dos catro grupos que forman a súa Corporación, dous non están de acordo e os outros dous tampouco amosan moito interese en apurar. Engade que coa Coruña podemos ser moi ambiciosos, sen deixar de man o Consorcio (ou como se vaia chamar), e lembra que dende 2001 sempre se tomaron por unanimidade as decisións, polo que espera que, cando o aprobe o Concello da Coruña, se poida reclamar á Xunta de Galicia a iniciación do proceso.

O señor Bergondo Trillo replica que a iso se refería cando aludiu a que é unha mágoa non realizar reunións informativas, pois se hai un representante que dubidou da lealdade, podería clarexarse nunha reunión fóra do Pleno, en vez de falar mal del neste órgano. Por outra banda, coida que é importante a participación cidadá e a opinión dos veciños, e pregunta se van tratar estes temas coa veciñanza de Carral ou só entre os polífticos.

O señor Couto, pola súa banda, opina que vai ser un proceso longo e complicado, mais espera que non se complique artificialmente, pois se as áreas metropolitanas de Vigo e Santiago xa están case en marcha, a da Coruña terá que facerse tamén, pois non se pode quedar atrás. Por iso, opina que non se poden poñer pedras no camiño, e que todos deberían remar no mesmo sentido.

O señor Alcalde lembra que en España só hai até agora dúas áreas metropolitanas, a de Barcelona e a de Vigo, e espera que a da Coruña sexa a terceira e que funcione á perfección. Indica que os membros da Corporación son os representantes legais de todos os veciños, que les deron a responsabilidade de sacar as cousas adiante durante catro anos, e explica que xa falou







## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

cos veciños e voltará falar con eles.

O señor Bergondo Trillo indica que está de acordo con que os elixiron en representación de todos, mais tamén opina que os partidos falaron nos seus programas do que ían facer, pero que estaría ben saber a opinión da veciñanza en relación aos asuntos que foron xurdindo despois, e que non están contemplados neses programas.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as presentes na sesión e que compoñen a Corporación, adoptando os seguintes acordos:

1.- Solicitar á Xunta de Galicia o inicio dos trámites para a creación da área metropolitana de conformidade co artigo 122.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia e de conformidade co artigo 43 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

2.- Dar traslado do presente acordo aos Plenos dos Concellos indicados na parte expositiva destes acordos e á Xunta de Galicia para os efectos oportunos.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 13 horas e 24 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de cinco páxinas numeradas do un ao cinco, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Deval

